

Definicións tema 4 Medioambiente e paisaxes.

Efecto invernadoiro

Situación que se dá no planeta de forma natural pero que, nas últimas décadas, se acentuou pola actividade humana. A acumulación de emisións de gases procedentes da queima de combustibles fósiles crea unha capa que, como o teito dun invernadoiro, impide saír ao espazo a calor emitida pola terra e os océanos. Esta calor acumúlase e favorece o quecemento global. O quecemento en España pode ter efectos como: a subida do nivel do mar debido ao desxeo, perda de ecosistemas polo modificación do clima, aumento do risco de desertización e o aumento de episodios meteorolóxicos extremos.

Paisaxe

A paisaxe xeográfica é o aspecto visual que ofrece un territorio. Depende dos elementos naturais que o integran e das actividades humanas que se desenvolven nel. De acordo con iso, as paisaxes xeográficas clasifícanse habitualmente en naturais e humanizadas, aínda que a maioría son mixtas; estas tres paisaxes son resultado das relacións entre os elementos abióticos (non vivos), bióticos (seres vivos) e antrópicos (acción humana).